



Os socialistas de Antas, Taboada e Portomarín rexistran propostas contra o traslado do Grumir de Monterroso

Os grupos municipais do PSdeG queren instar á Xunta desde os seus concellos a "anular a modificación do borrador no mapa de emerxencias de Galicia", xa que "non hai razóns técnicas nin obxectivas que avalen o cambio de ubicación" despois de 16 anos no municipio monterrosino

Os grupos municipais socialistas de Antas, Taboada e Portomarín rexistrarán entre hoxe e mañá nos seus concellos propostas de goberno para o mantemento da actual sede do Grumir que actúa na súa zona e que está ubicada en Monterroso, e instan á Xunta de Galicia "a anular a modificación do borrador no mapa de emerxencias de Galicia", que elimina este servizo para trasladalo a Palas, despois de 16 anos co municipio monterrosino como sede dando cobertura tamén a Taboada, Portomarín, Palas, Guntín e Antas de Ulla.

"A situación xeográfica da sede do Grumir na bisbarra de Monterroso resulta a máis axeitada, por ser a máis centralizada, para dar cobertura de xeito xeral á poboación dos seis concellos", explican os socialistas destes municipios, que engaden que agora "o tempo de desprazamento é mínimo", e poñen como exemplo a recente colaboración para a extinción dun lume que calcinou o pasado día 8 unha vivenda na vila de Antas. Polo tanto, os representantes do PSdeG non ven "razóns técnicas e obxectivas que avalen o cambio de ubicación". Os voceiros de Antas, Taboada e Portomarín lembran que "no mes de abril do 2012, o mapa de emerxencias da Xunta mantiña a Monterroso como sede, pero no borrador acordado no presente mes entre a Fegamp e a Xunta trasládase este servizo" a Palas de Rei. "Tendo en conta que entre ámbolos documentos non existe ningún cambio nos requisitos a cumprir, modificación no número de grumires ou cambios de cobertura no servizo, esixímoslle ao Goberno galego que xustifique o cambio de sede", engaden.

"O Concello de Monterroso conta cos medios materiais e humanos suficientes para a prestación do servizo, mentres que o traslado a Palas, ademais de deixar a este equipo localizado nunha esquina do territorio, incrementando o tempo da maioría dos desprazamentos e multiplicando os riscos entre a poboación en caso de emerxencia, suporía novos e costosos investimentos así como a formación de persoas de non continuar os mesmos traballadores, polo que se entraría nun claro desaproveitamento dos recursos xa existentes, e encarecemento innecesario do servizo", argumentan. O pleno de Monterroso xa se opuxo por unanimidade ao traslado e, lembran, "incluso a voceira do PP anunciou que mediará ante a Consellería de Presidencia para garantir a continuidade do Grumir coa actual ubicación, que é a que sen dúbida máis favorece aos veciños". Os Grupos Municipais de Intervención Rápida teñen como finalidades principais apagar e previr incendios, así como atender emerxencias e urxencias tales como búsquedas ou incluso regulación do tráfico ademais de asistir en todas aquelas ocasións en que llelo comunique o Servizo de Emerxencias 112.